

NOITE DE ESTREA

John Cassavetes, 1977

1371

ESTREA EN NUMAX: 12.09.2024 | V.O.S.E. | 143 min

Myrtle Gordon é unha actriz de Broadway que se mete a fondo de máis na pel dos seus personaxes, co que iso supón de desgaste persoal. Está a ensaiar unha obra na que encarna unha muller que se nega a admitir que está a envellecer. Tras ser testemuña da trágica morte dunha das súas fieis seguidoras, terá que confrontarse ao labirinto no que se converteu a súa vida persoal e profesional.

«Unha experiencia inesquecível, un estremecemento vital que sacude o espectador até o fondo da alma»

Ana Josefa Silva V., DIARIO LA SEGUNDA



Cousas que non sabía de Gena Rowlands

Por Marcos Ordóñez

Gena Rowlands é unha das miñas actrices favoritas. Como nunca a vin no teatro, decido volver ver *Opening Night* (*Noite de estrea*) onde interpretaba a Myrtle Gordon, unha actriz teatral. O auténtico tema desta película escura e perturbadora era o medo á vellez, pero o final é pura alegría: Myrtle e Maurice, o seu compañeiro (John Cassavetes), reconverten a función nunha comedia tola. Esa noite pescudo que fixo en teatro *Love Streams*, de Ted Allan, con Jon Voight, e logo Cassavetes levouna ao cinema. Encantoume vela: adoro esa historia, o meu terceiro papel favorito de Rowlands, tras *Unha muller baixo a influencia* e *Opening Night*. Francesca Pinón, que tamén a venera, regálame "*Mable, Myrtle, Gloria... et les autres*" (2001), un libro de conversacións con Stig Björkman, publicado por Cahiers du Cinema e que non atopei traducido aquí.

Gena Rowlands conta que os deuses da súa infancia foron Spencer Tracy e Katharine Hepburn. "Adoreinos, pero moito despois, na miña primeira viaxe a Europa con John", di, "coñecín a verdadeiras aparicións, un tipo de actrices que apenas existía en Estados Unidos: Margaret Leighton, Simone Signoret, Jeanne Moreau. Do meu país tamén me volvía tola Bette Davis. Non se parecía a ninguén. Adorei a súa independencia, a súa franqueza, a súa personalidade".

Gena Rowlands é unha feminista que xamais necesitou autobautizarse así, pero dicía cousas como esta: "As mulleres estamos esmagadas polo peso da convención, que distribúe os nosos roles como mulleres e como actrices. A convención pide que a maior parte deses personaxes requiran pouca potencia física, cousa rara xa que estamos obrigadas a esforzos corporais tan extremos como ter fillos".

No libro, publicado hai 18 anos, di moitas cousas que eu non sabía. Como, por exemplo, que lía un guión unhas 200 veces. Todo o que observaba vinculábo co seu personaxe, ata que mesmo chegaba a soñar con el. "Era un bo sinal. Actuar ten moito que ver co irracional, o incontrolable. Está ligado ao instinto". Cassavetes, conta, non quería saber como enfocaba ela os seus personaxes. "Non quero saber nada", dicíalle. "Quero que me sorprendas. Escribín este papel para ti. É teu. Está nas túas mans. Ninguén o coñece máis que ti". E ela engade: "Era un método moi interesante, moi emocionante. Cando actuabamos, os actores nunca sabiamos como ía reaccionar o outro. Eu tamén prefiro os directores que non dan demasiadas explicacións".

O entrevistador preguntalle se na súa casa volvía ver algunha vez as películas do seu marido. Di Rowlands: "Non teño necesidade. Cando quero, pecho os ollos e recreo todas e cada unha das súas películas, desde o primeiro ao último fotograma". Un par de cousas máis que tampouco sabía: que se volveu tola de ledicia ao verse na dedicatoria de Almodóvar en *Todo sobre mi madre* (xunto a Bette Davis e Romy Schneider). E que lle gustan moito as películas de artes marciais, sobre todo as de Jackie Chan.

Publicado en elpais.com



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Todo sobre mi madre,
Pedro Almodóvar.
Cameo [DVD]

John Cassavetes,
José Francisco Montero.
Shangrila Ediciones, 2018

Faces,
John Cassavetes, 1974
BFI [DVD e BD]